

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE MARZO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce e trinta horas do día catorce de marzo do ano dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Vista a Resolución do 4 de marzo de 2014 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- solicitar unha subvención para a contratación de un técnico de turismo ao abeiro desta convocatoria e financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.
- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas.
- Contratar un titulado medio co seguinte cadro de retribucións segundo o convenio colectivo provincial de oficinas e despachos 2009 - 2012 publicado no BOP nº 187, do 28 de setembro de 2011:

Salario	Parte prop. Pagas extra	Suma conceptos salariais	Cotización empr. a S.S.	Salario + S.S.
1.018,52	339,51	1.358,03	435,93	1.793,96

Vistas as Bases reguladoras do Plan Urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas municipais 2014 publicadas no BOP nº 44 de 5 de marzo de 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado
- 2.- Aprobar o proxecto denominado
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de euros con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de ; a Xunta de Goberno Local é órgano competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 13 de marzo de 2014 relativo á modificación do acordo de prestación do servizo de Axuda a Domicilio ó usuario M.G.L. debido a un incremento do número de horas inicialmente concedidas con cargo a dependencia pasando de 21 horas/mensuais a 29 horas/mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita modificación con efectos dende o 13 de marzo de 2014.

Lese o escrito RE 1.067 de data 28 de febreiro de 2014, presentado por D. LUIS ALBERTO GUI SANTES ARANDA, con enderezo na rúa Porta do Bicho, nº 4 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga do 4º trimestre de 2013 por excesivo debido a unha fuga de auga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 4º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 1.301 de data 12 de marzo de 2014, presentado por DNA. ROSA MARTINEZ ALVAREZ, con enderezo na rúa de Coruto Vello, nº 48 da Guarda, manifestando a súa disconformidade co recibo de consumo de auga do 3º trimestre de 2013 por existir unha avería notificada.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa a súa solicitude anterior foi de revisión de contador, que foi levada a cabo por este concello e se comprobou que funcionaba perfectamente.

Sendo as trece horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.